



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

A C T A

En Arzúa, a 13 de xullo de 2018.

Sendo as 10:10 horas, reúnen-se na aula n.º 4 do primeiro andar do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección, polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a **tres persoas** para desempeñaran os postos de traballo de **operario de servizos varios**, para ser contratados na modalidade de “contrato por obra ou servizo determinado” a tempo parcial, cunha xornada laboral de vinte e catro horas semanais, por un período de duración de dous anos e medio, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das probadas por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 7 de xuño de 2018.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

* Presidente: D. Luis Fole Barrio (arquitecto técnico do Concello de Arzúa)

* Vogais:

- Ramón Verea Castelo (encargado do servizo de mantemento do Concello de Arzúa)

- Jesús Rúa Taboada (conductor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa)

* Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (secretario do Concello de Arzúa)

(Non podendo asistir o vogal don Secundino Quiñoy Amboage -Oficial de mantemento do Concello de Santiso-).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, -de conformidade co disposto no artigo 17 n.º 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-, o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en *“responder a un cuestionario de vinte preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición”*.

Para o cal, elaboráronse polo presidente e polos dous vogais, con anterioridade ao comezo deste exercicio, as vinte cuestións en que consistirá dito exercicio; de maneira que cada cuestión formulada tivera tres respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos cinco folios que conteñen as vinte preguntas elaboradas, incluíndo tamén cinco preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a cada un dos dezanove aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (dos

trinta e tres que figuraban na lista definitiva de admitidos); facéndolles saber o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta, podendo utilizar ou un equis ou un círculo.

- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0'25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.

- Que será necesario obter unha puntuación de 10 puntos sobre 20 posibles, para superar este exercicio.

- Que a corrección de todos os exercicios será realizada na mañá do día de hoxe.

- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerían na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello, a ser posible no día de hoxe, en cuxa acta figurará a data, lugar e hora en que en que será realizado o exercicio de carácter práctico.

- Que se debe poñer o nome e apelidos nos folios que conteñen o cuestionario, e asinar os exercicios realizados.

- Que o tempo máximo para responder ás vinte preguntas elaboradas, será de trinta minutos, dende as 10:30 horas ata as 11:00 horas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando tamén as respostas correctas, para coñecemento dos aspirantes que realizaron dito exercicio:

1.-Para cualificar un risco desde o punto de vista da súa gravidade, valoraranse conxuntamente a probabilidade de que:

a) Se produza un dano e a severidade do mesmo

b) A idade e o sexo

c) O tempo que leva na empresa e a idade

2.- O Código penal tipifica o delito contra a seguridade e saúde no traballo

a) Só son sancionables administrativamente

b) É a Lei de Prevención de Riscos Laborais a que sanciona estes delitos

c) Os delitos por infracción da normativa de prevención de riscos laborais se tipifican nos artigos 316 e 317 do Código Penal

3.- O empresario pode asumir as funcións preventivas se...

a) A empresa ten menos de 10 traballadores

b) Se ten a capacitación necesaria en función dos riscos existentes e a actividade desenvolvida

c) Ambas son correctas

4.- Cal dos seguintes obxectivos non é propio da sinalización de seguridade?

a) Eliminar os riscos que se poidan producir nos lugares de traballo

b) Alertar aos traballadores cando se produzan situacións de emerxencia

c) Facilitar aos traballadores a localización e identificación e os medios e instalacións de protección, evacuación, emerxencia ou primeiros auxilios

5.- A auditoría é unha ferramenta do sistema de xestión que permite:

- a) Xestionar os recursos humanos e materiais por un xestor
- b) Auditar as contas da empresa e comprobar se hai anomalías
- c) Unha avaliación sistemática documentada, periódica e obxectiva da eficacia, efectividade e fiabilidade do sistema de xestión da prevención

6.- O documento que recolle os resultados dunha ou de varias actividades realizadas e constitúen a evidencia formal do sistema de prevención denomínase:

- a) Procedemento
- b) Rexistro
- c) Acta

7.- O órgano paritario destinado á consulta regular e periódica das actuacións preventivas da empresa é:

- a) O Servizo de Prevención
- b) Comité de Empresa
- c) Comité de Seguridade e Saúde

8.- Cal é a definición de mantemento?

- a) Considérase mantemento ás actuacións que facemos directamente sobre as instalacións existentes da electricidade, fontanería, albanelaría ou carpintería, que aumentan a capacidade de que o servizo estea en condicións dun bo funcionamento, xa sexa estendendo a vida útil ou incrementando a súa produtividade.
- b) Considérase mantemento ás actuacións que facemos sobre calquera instalación dun edificio, reparándoa para que funcione ben.
- c) Son as actuacións que realizamos para permitir o normal funcionamento das instalacións dun edificio. E evitar a aparición de avarías e roturas derivadas do uso ou mal uso.

9.- Que protexe un contacto indirecto?

- a) Fusibles
- b) Interruptor diferencial
- c) Seccionador en carga

10.- Nos edificios de uso pública concorrencia ou escolas infantís, as barreiras de protección de escaleiras e ramplas non terán aberturas que poidan ser atravesadas por unha esfera de:

- a) 10 cm.
- b) 12 cm.
- c) 14 cm.

11.- O cono de Abrams serve para medir:

- a) A cantidade de auga que leva o formigón
- b) A consistencia do formigón
- c) A resistencia do formigón

12.- Nunha estada de borriquetas, os taboleiros deben de sobresaír a ambos os extremos dos apoios:

- a) 20 cm.
- b) 50 cm.
- c) 60 cm.

13.- As rozas verticais afastaranse dos ocos das portas e xanelas procurando que esta distancia non sexa menor de:

- a) 1/4 do ancho do oco
- b) 4 veces o ancho de roza
- c) a 15 cm.

14.- A aresta maior dun ladrillo chámase:

- a) Soga
- b) Testa
- c) Tizón

15.- Con cal destas tres medidas trazariamos unha escuadra?

- a) Con 3,4 e 5 m.
- b) Con 60 cm, 80 cm. e 100 cm.
- c) Ambas son correctas

16.- as xuntas de dilatación dunha edificación afectarán a:

- a) Só aos revestimentos
- b) Só aos elementos estruturais
- c) A todos os elementos construtivos

17.- Todo residuo sólido ou semi sólido de orixe animal ou vexetal proveniente da preparación e consumo de alimentos é:

- a) Un residuo sólido
- b) Un residuo perigoso
- c) Un desperdicio

18.- Todo obxecto, substancia ou elemento en estado adoitado que se abandona, bótase ou se rexeita é:

- a) Un refugallo
- b) Un desperdicio
- c) Un residuo sólido

19.- Os plásticos son un exemplo dos residuos:

- a) Orgánicos
- b) Perigosos
- c) Inorgánicos

20.- Someter a un proceso fisico-quimico e/ou mecánico a unha materia ou un produto xa utilizado é:

- a) reutilizar
- b) reciclar
- c) tratar os lixos

PREGUNTAS RESERVA:

1.- Un recheo sanitario contamina máis a auga polos:

- a) Lixiviados
- b) Os lixos
- c) Os sólidos

2.- Respecto da clasificación dos residuos biolóxicos ou sanitarios:

- a) Todos os residuos infecciosos son do grupo III
- b) Todos os residuos cirúrxicos son do grupo III
- c) Todos os residuos anatómicos son do grupo III

3.- Nunha vivenda habitada por catro persoas, a media estimada de lixo que se produce cada ano é de:

- a) Unha tonelada
- b) Dúas toneladas
- c) 1/2 tonelada

4.- Os clorofluorocarbonados (CFC) dos “sprays” elixíronse con moito coidado para que non danasen aos seres vivos, pero resultaron ser moi nocivos para o medio ambiente porque...

- a) Rebotan e amplifican os raios solares, aumentando as queimaduras e os cancros de pel.
- b) Destrúen a capa de ozono, que nos protexe como unha antuca dos raios ultravioleta canceríxenos do sol.
- c) En combinación con outros contaminantes, crean substancias responsables da choiva aceda.

5.- Sinala cal destas afirmacións é a correcta:

- a) O desodorizante de spray vai ao contedor amarelo
- b) Os CD van ao contedor amarelo
- c) As cabichas van ao contedor azul

Plantilla:

- 1.- A
- 2.- C
- 3.- C
- 4.- A
- 5.- C
- 6.- B
- 7.- C
- 8.- C
- 9.- B
- 10.- A
- 11.- B
- 12.- A
- 13.- C
- 14.- A
- 15.- C
- 16.- C
- 17.- C
- 18.- C
- 19.- C
- 20.- B

Reserva:

- 1.- A
- 2.- A
- 3.- A
- 4.- B

5.- A

Unha vez finalizado o tempo previsto para realizar o exercicio, dentro do cal os aspirantes foron entregando os exercicios realizados, os integrantes da Comisión Seleccionadora procederon á súa corrección, dende as 11:00 horas ata as 12:30 horas.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora, -por unanimidade dos seus catro membros asistentes- otorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso a mesma orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

Numero orde	Nome e apelidos	Proba teórica
1	José Ramón Carril Carril	NP
2	José Angel Rey Rivadulla	2,5
3	Alberto Rial Mato	17,5
4	David Rodríguez Sánchez	NP
5	Angel Luis Rama Fraga	NP
6	Pablo Méndez Castaño	NP
7	Ana Isabel Iglesias Pampín	NP
8	Gustavo Adrian Fanale	6,5
9	Cristina Laya Miguelez	NP
10	Herminio Romero Alvarez	10,25
11	Ramón Vázquez Mosteiro	NP
12	Oscar Segade Varela	17
13	Víctor Souto López	7,5
14	Miguel Angel Castro Valiñas	10
15	Roberto Balado Sangiao	NP
16	Luis López Sánchez	NP
17	Heliodoro Fidalgo Hermida	4,75
18	Diego Gómez Naveiras	12,5
19	M ^a del Sol Vázquez Garea	NP
20	José Rodríguez Rodríguez	20
21	José Manuel García Puente	16
22	David Seijo Sánchez	6
23	Miguel Angel Mateos Carreira	NP
24	Manuel Gallego Ramos	3

25	Asier Urtaza Menéndez	12,5
26	Javier López Nieto	7
27	José Luis Vázquez Astray	10,5
28	Manuel Pérez Fraga	10
29	Francisco Javier Vaamonde Balado	15
30	Angel Salgueiro Vázquez	NP
31	Vanesa López Pardo	5,75
32	Angel Carballeira Redondo	NP
33	Ignacio Lago Barreiro.	NP

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados.

Adoptáronse -tamén por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora-, os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos dezanove aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico, da oposición convocada.

Segundo.- Facer saber aos oito aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 10 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen a oposición.

Terceiro.- Convocar aos once aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición, o vindeiro día **20 de xullo (venres) ás 10.00 horas**, na nave de mantemento, sita na rúa Basilio Carril; cuxo exercicio consistirá no manexo dunha ferramenta relacionada coas funcións que terán que desenvolver os aspirantes que resulten contratados; cuxo exercicio se cualificará de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos, para o cal se disporá dun tempo máximo de dez punto

Co cal déronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 12.40 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia